

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MESÍA

Correccion erros na lista definitiva admitidos/as - excluídos/as nos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal do Concello de Mesía

Por Decreto de Alcaldía 188/2023, do 12/05/2023, que de seguido se transcribe, aprobouse a corrección de erros da lista definitiva de admitidos/as-excluídos/as nos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público de 2022 do Concello de Mesía:

“DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde-Presidente do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 61.1 h) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Visto que por Decreto de Alcaldía 136/2023, de data 19/04/2023, se aprobou a lista definitiva de admitidos/as – excluídos/as nos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal do Concello de Mesía, publicada no BOP núm. 77, de data 24/04/2023.

Advertidos erros no devandito decreto, relativos á exclusión de certos/as aspirantes que sí cumprían os requisitos para participar nos ditos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, ao abeiro do que dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, procede realizar as oportunas correccións no citado decreto.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

Primeiro.- Rectificar o Decreto de Alcaldía 136/2023, do 19/04/2023, publicado no BOP núm. 77, de data 24/04/2023, de aprobación de lista definitiva de persoas admitidas e excluídas nos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal, para incorporar como aspirantes admitidos/as aos/ás aspirantes excluídos/as por erro nas prazas que se indican:

- Unha praza de traballador/a social

Apelidos e nome	DNI	Celga
López Vilar Lorena	**3038***	Si
Pazos Franqueira María Dolores	**1635***	Si
Zas Castro María Manuela	**8535***	Si

- Unha praza de auxiliar administrativo de servizos sociais

Apelidos e nome	DNI	Celga
Maceira Uzal Marta María	**4304***	Si

- Unha praza de educador/a familiar

Apelidos e nome	DNI	Celga
López Vilar Lorena	**3038***	Si
Rodríguez Sánchez Soraya	**9066***	Si

- Unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local

Apelidos e nome	DNI	Celga
Rodríguez Sánchez Soraya	**9066***	Si

- Unha praza de monitor/a de tempo libre

Apelidos e nome	DNI	Celga
Rodríguez Sánchez Soraya	**9066***	Si

Segundo.- Publicar a presente resolución no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mesía.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderá interponerse, potestativamente, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

Mesía, venres 12 de maio de 2023

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro”

Mesía, 12 de maio de 2023

Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde.

2023/3858